

NORMATIVA DO PROFESORADO DE SUBSTITUCIÓN **(Acordo do Consello de Goberno do 10/05/2011 e modificada por acordo do Consello de** **Goberno do 21 e 22/03/2013, e do Consello de Goberno de 29 de Outubro de 2024)**

Os Estatutos da Universidade de Vigo establecen, no artigo 83.3, a posibilidade de incorporar, por trámite de urxencia, persoal interino de substitución.

O Regulamento do profesorado da Universidade de Vigo, aprobado polo Claustro Universitario na súa sesión do 14/06/05, establece no artigo 16.4 a necesidade de ter un procedemento para a cobertura da docencia vacante por réxime de urxencia.

O II Convenio colectivo do PDI laboral das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo recolle no artigo 20 a figura do profesor contratado interino de substitución cando sexa necesario, entre outras causas, por circunstancias sobrevidas de carácter extraordinario ou a suspensión temporal da actividade dun/ha profesor/a.

Por outra banda, a entrada en vigor da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario (LOSU) actualizou o elenco de figuras do persoal docente e investigador das Universidades públicas españolas.

1. Profesorado contratado interino de substitución

1.1 O profesorado contratado interino de substitución terá dedicación parcial e a finalidade do seu contrato será a cobertura da docencia vacante por circunstancias sobrevidas de carácter extraordinario ou a suspensión temporal da actividade dun/ha profesor/a.

1.2 A provisión de prazas de profesorado interino de substitución realizarase mediante listas de agarda que poderán ser xeradas mediante un concurso específico ou a partir dos concursos de profesorado.

1.3 A duración do contrato será a determinada polo motivo da substitución e como máximo ata a finalización do curso académico para o que se produce a contratación.

2. Concurso para xeración de listas de agarda de profesorado de substitución

2.1. A COAP, a petición do Consello de Departamento, poderá autorizar a publicación dun concurso para xerar, polo procedemento de urxencia, unha lista de agarda de profesorado interino de substitución. O concurso rexerase polas mesmas bases dos concursos de prazas de profesorado contratado temporal.

2.2. No que se refire ás bases de procedemento (solicitude, actualización, avaliación e concesión), esta normativa establece que as listas de agarda serán solicitadas e utilizadas para contratar Profesorado de Substitución dacordo aos seguintes criterios:

2.2.1 Cada área de coñecemento con déficit de folgura docente ten a obriga de solicitar e actualizar de xeito anual unha lista de agarda de profesorado de substitución, aínda que, de xeito excepcional, tamén poderá ser solicitada máis dunha lista naquelas áreas cando esta estea adecuadamente motivada.

2.2.2 As listas serán permanentes, non caducables, e abranse tódolos anos no mes de

novembro para permitir a actualización das mesmas. O prazo para que o departamento, co apoio da unidade departamental, introduza na aplicación de xestión académica (Xescampus, a través de “Petición listas agarda”) as novas listas de agarda solicitadas ou a actualización das listas que xa están en marcha, comezará o 1 de novembro e rematará o 15 de novembro (ámbolos dous incluídos) de cada curso académico.

- 2.2.3 A avaliación dos méritos presentados polas persoas aspirantes será feita por unha comisión de selección, constituída por tres profesores/as da área ou áreas afíns, que se constituirá e fará públicos os requisitos, que a comisión terá en conta para a avaliación dos méritos, previamente á súa presentación polos/as solicitantes. Así mesmo, formará parte das comisións de selección unha persoa representante do persoal traballador con voz e sen voto se así o solicita a propia representación sindical, a comisión ou algúns dos/as candidatos/as, sempre e cando este requirimento se faga antes da constitución da comisión.
- 2.2.4 Os/as solicitantes presentarán unicamente os 10 méritos máis salientables da súa traxectoria académica, docente e laboral, xustificando a selección e a relevancia dos mesmos para a lista de agarda á que se están a presentar. Tódolos/as solicitantes, incluídos os que xa estaban na lista, terán que presentar cada ano os 10 méritos solicitados para ser actualizados ou incorporados na mesma.
- 2.2.5 A puntuación obtida tra-la avaliación dos 10 méritos presentados por cada aspirante, determinará o seu lugar na lista en base ao resultado da avaliación obtida cada ano. A orde de prelación será determinada pola avaliación dos méritos presentados.

2.3 Para participar nos concursos referidos no apartado 2.1 será necesario posuír unha titulación superior.

3. Xestión das listas de agarda.

3.1 Despois de resoltos os concursos para a provisión de prazas de persoal docente e investigador contratado ou funcionario e os concursos específicos para xeración de listas de agarda que se describen no apartado 2, as persoas propostas polas comisións que non fosen contratadas ou nomeadas pasarán a integrar unha lista de agarda para cubrir as eventuais vacantes ou necesidades de docencia que poidan sobrevivir ao longo do curso académico na correspondente área de coñecemento. Para iso, as persoas terán que seguir o procedemento de presentación de méritos e avaliación descrito nos puntos 2.2.4 e 2.2.5 desta normativa. Estas serán publicadas no taboleiro oficial e na páxina web da Universidade de Vigo.

3.2 As persoas que figuren en listas de agarda e cubran unha praza, unha vez rematado o seu contrato, reintegraranse a estas no posto que orixinariamente ocupaban. Durante o período de contrato, consideraranse temporalmente suspendidas da lista. No caso de renuncia a un contrato en vigor, xerado pola lista de agarda, a persoa candidata quedará definitivamente excluída desta. No caso de renuncia a asinar o contrato, permanecerá no seu posto se a causa é xustificada e pasará ao final da lista se a causa non está xustificada.

3.3 Cando nunha área de coñecemento sobreveñan ao longo do curso académico necesidades docentes ás que non se poida facer fronte coa capacidade dispoñible, o departamento poñerá tal circunstancia en coñecemento da vicerreitoría competente en

materia de profesorado, que, tras apreciar a necesidade da contratación, poderá ofrecer un contrato como profesor de substitución ás persoas aspirantes que figuren na lista de agarda, e informará disto na seguinte reunión da Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP). A dedicación do contrato será a que determinen as necesidades docentes e non poderá ser superior a dedicación definida no concurso que xerou a lista de agarda.

3.4 O Servizo de Persoal Docente e Investigador, a instancia desta vicerreitoría, realizará as comunicacións que permitan a rápida localización da persoa candidata tendo en conta os datos que figuren na solicitude pola que concorreu ao concurso. Deberá responder no prazo de 24 horas. De non facelo, entenderase producida a súa renuncia e ofreceráselle á seguinte persoa candidata.

4. Disposición transitoria.

As listas de agarda que están activas no momento da aprobación desta normativa, seguirán activas ata a súa data de caducidade, a non ser que o Departamento solicite a súa cancelación.